

A SEIMEIRA DO SUARNA

Veciños da Fonsagrada denuncian a posíbel desaparición dunha fervenza duns 40 m. (a Seimeira do Suarna) pola instalación dunha central eléctrica por parte dunha empresa de capital alemán.

Fai anos inundaron os nosos vales co pretesto de que a enerxía era necesaria para a industrialización, mais esta non chegou, e o enorme excedente eléctrico que producimos vai parar a outras zonas do estado máis desenvolvidas. Agora, apesar dese excedente, queren rematar cos pequenos rios de montaña utilizando a mesma xustificación. Até cando?

NOVOS ATENTADOS ECOLÓXICOS NO CARBALLIÑO

A delegación de ADEGA do Carballiño, na súa incansábel actividade, ven de presentar novas denuncias ante os contínuos delitos ecolóxicos que se producen acotío naquela zona. Esta vez a denuncia, presentada ante a Guarda Civil, fai referencia á tala indiscriminada de mais de 60 árbores (ameneiros, freixos, carvallos...) nas proximidades da Pena dos Namorados, tala que contava co visto bon da Consellaria de Agricultura.

Ante este atentado no río Arenteiro, e outros moitos (vertidos de cascallo de formigón, xabre, ...) Adegas comezou un traballo xunto coa Sociedade Deportiva Arenteiro para protexer os rios, e concienciar á poboación da súa importancia, ao tempo que fan un chamamento para que se denuncien as agresións que se coñezan.

CONTINUA A MORATORIA PARA AS BALEAS

A comisión Baleeira Internacional ven de prorrogar por un ano máis a prohibición de cazar Baleas, apesar da forte oposición de Xapón e Noruega. Porén este último país anunciou a súa intención de cazar varios centos de roncuales, así mesmo Xapón vai continuar coa «captura científica» de baleas, eufemismo que esconde na realidade unha finalidade claramente comercial.

AS MENTIRAS DO CONSELLEIRO

Ou ben o Señor Conselleiro de Industria non le a revista CERNA (sabemos que o fai ás agachadas), nen as alegacións que aos seus proxectos industriais se lle presentan na Consellaria, nen le as notas difundidas pola prensa, ou ben minte descaradamente... xa que en declaracións a varios medios de comunicación afirmou que os grupos ecoloxistas apoiaban a instalación en Somozas da Planta de Resíduos Tóxicos e Perigosos. Non lle deven chegar as alegacións presentadas por ADEGA, CEM, etc., nen os artigos da nosa revista, nen que a Asemblea de Grupos ecoloxistas se declarara en contra, nen a participación nas concentracións convocadas polos concellos afectados, ... ou si lle chegan, e claro, ten que mentir para tentar enganar a algunha xente.



PROTESTOS ECOLÓXICOS CONTRA DESTRUCCIÓN DO BAIXO MINHO

Diversos grupos ecoloxistas da Galiza e Norte de Portugal venhen-se manifestando contra a progressiva degradación do curso baixo do Minho, concretamente a Asociación de Profesionais de Pesca do Rio Minho e do Mar de Caminha pede a inmediata paralización das obras do ferry-boat que están a destruír o sapal do río, área imprescindible para manter os recursos piscícolas e de enorme importancia ecolóxica (Reserva Ecolóxica Nacional, e Biotopo de Interese Comunitario). Aliás o grupo ANABAM assinala que a construción dum campo de golfe na ilha da Boega vai afectar a grande riqueza piscícola, ornitolóxica e paisaxística do estuário, sendo un proxecto que tem muito a ver com a especulación urbanística.

